

COMUNICADO DE CONFAPA-GALICIA

CONFAPA GALICIA rexeita o decreto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que dita as instruccións para o desenvolvemento da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria, CONFAPA GALICIA manifesta a súa oposición á devandita proba; entendendo que:

- 1.- A proba de avaliación é prácticamente a mesma co ano pasado, na que xa manifestamos a nosa oposición. As razóns que nos levaron a rexeitar a proba seguen a ser completamente válidas.
- 2.- Mientras as restantes probas pasaron a ser de carácter estadístico, por mostraxe, a de 3º de primaria ten carácter censual, é decir, avalía á totalidade do alumnado.
- 3.- Esta avaliación pódese ter en conta para repetir curso. Así o establece a LOMCE no seu articulado, lei que segue en vigor.
- 4.- Avalía únicamente as competencias de lingua e matemáticas.
- 5.- Clasifica ao alumnado desde idades temperás.
- 6.- Non se adapta ao alumnado con necesidades educativas especiais ou con altas capacidades.
- 7.- Fomenta a competencia entre os centros e a súa estigmatización sen tomar en conta circunstancias locais compensatorias da avaliación.
- 8.- Desautoriza o profesorado e o sistema de avaliación contínua.
- 9.- A proba xa demostrou o seu nulo valor nestes dous anos que leva en vigor. Sendo CONFAPA-GALICIA unha organización implantada no conxunto da Comunidade Autonómica, non coñecemos ningún caso de medidas adoptadas nun Centro de Ensino como consecuencia da proba de avaliación.
O valor neto da proba para os pais e nais do alumnado é simplemente insignificante; hai casos nos que as familias non chegaron a recibir o resultado das probas ate o seguinte curso.

Nun contexto político e social no que a LOMCE atopase en aplicación suspendida mentre non se acade un pacto educativo para establecer as bases dun sistema educativo compartido e defendido polo conxunto da sociedade, continuar desenvolvendo os aspectos máis daniños da LOMCE é unha declaración de intencións clara, que dende as familias que componemos a Comunidade Educativa dos Colexios Pùblicos de Galicia, rexeitamos frontalmente.

Polo tanto, CONFAPA GALICIA esixe da Administración educativa a paralización e a retirada da devandita proba, e invita a toda a Comunidade Educativa a oponerse activamente ao seu desenvolvemento.

Xunta Directiva
CONFAPA GALICIA
Maio de 2017.